



## MISA CON NENOS 24 de decembro 2023 4º ADVENTOº-B

Evanxeo de LUCAS 1, 26-38: **“Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo”.**  
Mensaxe: **María Indícache o Leste, por onde sae o Sol**



### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Chega o Nadal. Durante estas semanas de Advento estivemos a prepararnos coa oración, a conversión, a alegría... Neste último domingo de Advento miraremos a María, a que mellor acolleu a Xesús levándoo no seu seo e sobre todo no seu corazón e na súa vida. Xesús quere nacer en ti, ábrelle as portas do teu corazón, recíbeo coa mesma alegría, esperanza e dispoñibilidade da Nai de Deus, a muller do “Fágase”, a muller do Si a Deus. Miremos a María, a que co seu Si nos trae o Sol que iluminará a nosa vida e asolagaranos coa calor do amor e da misericordia de Deus.

**Saúdo do Sacerdote:** *O Señor Xesús, que co si de María deunos ao Salvador, estea convosco.*

*(Poderíase colocar o cartel de Fano. Ou colocar xunto ao altar un berce moi grande baleiro cunha frase: “ACÓLLEO no teu corazón e nacerá en ti”).*

### 2. A COROA DE ADVENTO: Candeia 4

**Monitor:** Comezamos a cuarta semana de Advento, reducida este ano a poucas horas, pois esta noite comezaremos a celebrar o **Nadal**. Acendemos o cuarto cirio da coroa de Advento: o da acollida de Xesús (*os anteriores eran oración, conversión, alegría*). (*Acéndese o cirio 4º mentres se di esta oración*). **Sacerdote:** *Señor, Xesús: María deu un si grande ao desexo de Deus de ser a súa Nai. E o seu corazón encheuse de alegría, de paz, de confianza, como o de calquera nai chamada a dar a luz unha nova criatura. Rogámosche que o corazón dos cristiáns sexa como o berce que espera, como María que acolle con ilusión e tenrura o Neno que vai nacer. Ven pronto Señor, ven Salvador! Todos: Ven, Señor Xesús!*



### 3. SÚPLICAS DE PERDÓN

*Recoñecemos humildemente os nosos pecados (opcional).*

-Ti, fillo de María, noso irmán e Salvador. *Señor, ten piedade de nós.*

-Ti, compañeiro e amigo, consolo dos que sofren. *Señor, ten piedade de nós.*

-Ti, Deus connosco, Boa Noticia, amor sen fin. *Señor, ten piedade de nós.*

#### 4. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Na primeira lectura proclámase que Deus dará a David un descendente, o Mesías, para salvar o seu pobo. Na segunda lectura escoitaremos o canto de loanza que Paulo pola salvación de Deus. O Evanxeo é o anuncio do Señor que vén na pobreza, na sinxeleza dun neno ao mundo no seo de María.



#### 5. ORACIÓN DOS FIEIS

*Nesta última semana de advento, unímonos en oración diante túa, Señor, para dicirche.*

**–Que che acollamos na nosa familia.**

1. Pola Igrexa para que sexa unha familia onde reine o amor. **Oremos.**
2. Polas nais para que queiran moito a Xesús e ensinen aos seus fillos para quere-lo. **Oremos.**
3. Para que a exemplo da Virxe María digamos sempre si a Deus. **Oremos.**
4. Para que acollamos a Xesús e naza no noso corazón e nas nosas vidas. **Oremos.**
5. Para que levemos a Xesús á nosa familia e aos que nos atopemos. **Oremos.**
6. Para que a nosa parroquia reciba con alegría a Xesús e sexa para sempre a súa casa. **Oremos.**
7. Para que Xesús que nace encha de consolo aos que están enfermos ou pasan este nadal lonxe dos seus e de fortaleza aos que sofren a morte dun ser querido. **Oremos.**

*Ven Señor, ti que traes a paz e a alegría ao mundo. Ven salvarnos, ti que vives e reinas polos séculos dos séculos.*

#### 6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

**-CORAZÓN:** Ofrecémosche este corazón (feito polo grupo de catequese), poñémolo diante do altar porque te queremos ofrecer os corazóns das nosas nais que como a túa, María, cóidannos e protéxennos.

**-BERCE BALEIRO:** Con este berce baleiro representamos o noso desexo de que Xesús veña ás nosas familias e que acollamos a Xesús nas nosas vidas, nas nosas parroquias e nos nosos corazóns.

**-PAN E VIÑO:** Ofrecémosche tamén este pan e este viño a través dos cales Cristo nace en cada Eucaristía para ser o noso alimento, a nosa forza, a nosa vida.